

TIPOS, BASES DE COTIZACIÓN DA SS E PRESTACIÓNS 2025



UGT



BASES E TIPOS DE COTIZACIÓN (Este contido está en proceso de actualización. Pódese consultar a Orde PJC/178/2025, de 25 de febreiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cese de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2025)

RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

BASES DE COTIZACIÓN CONTINXENCIAS COMÚNS			
Grupo de Cotización	Categorías Profesionais	Bases mínimas euros/mes	Bases máximas euros /mes
1	Enxeñeiros e Licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos Traballadores	1.929,00	4.909,50
2	Enxeñeiros Técnicos, Peritos e Axudantes Titulados	1.599,60	4.909,50
3	Xefes Administrativos e de Taller	1.391,70	4.909,50
4	Axudantes non Titulados	1.381,20	4.909,50
5	Oficiais Administrativos	1.381,20	4.909,50
6	Subalternos	1.381,20	4.909,50
7	Auxiliares Administrativos	1.381,20	4.909,50
		Bases mínimas euros/día	Bases máximas euros /día
8	Oficiais de primeira e segunda	46,04	163,65
9	Oficiais de terceira e Especialistas	46,04	163,65
10	Peóns	46,04	163,65
11	Persoas traballadoras menores de dezaioito anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	46,04	163,65

TIPOS DE COTIZACIÓN (%)				
CONTINXENCIAS	EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL	Accidentes de Trabajo e Enfermedades Profesionais
Comúns	23,60	4,70	28,30	Tarifa de Primas establecida na disposición adicional cuarta Lei 42/2006, do 28 de decembro, PGE 2007, na redacción dada pola Disposición Final Quinta do RDL 28/2018 do 28 de decembro (BOE do 29) sendo as primas resultantes a cargo exclusivo da empresa
Horas Extraordinarias Forza Maior	12,00	2,00	14,00	
Resto Horas Extraordinarias	23,60	4,70	28,30	
Mecanismo Equidade Interxeracional (MEI)	0,67	0,13	0,8	

(1) Exoneración na cotización por continxencias comúns (salvo IT), desemprego, fondo garantía salarial e formación profesional, prevista no art. 152 do RD Lexislativo 8/2015:

- Aplicable durante o ano 2025 a traballadores conta allea ou a socios traballadores ou de traballo de cooperativas, que continúen traballando tras alcanzar a idade de 65 anos se se acreditan 38 anos e 3 meses ou máis anos de cotización ou 66 anos e 8 meses cando se acrediten menos de 38 anos e 3 meses de cotización.

- Tipo de cotización aplicable durante o ano 2025 por IT por contingencias comúns: 1,55%, do que o 1,30% será a cargo da empresa, e o 0,25 % a cargo do traballador.

(2) Os contratos de duración determinada por tempo inferior a 30 días terán unha cotización adicional a cargo do empresario que se abonará á súa finalización, e que durante o ano 2025 terá un importe de 32,60 €. Esta cotización adicional non se aplicará aos contratos por substitución, aos contratos para a formación e a aprendizaxe nin aos contratos de formación en alternancia.

DESEMPREGO	EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL
Tipo Xeral: Contratación indefinida, incluídos os contratos indefinidos a tempo parcial e fixos discontinuos, contratación de duración determinada nas modalidades de contratos de formación en alternancia, para a formación e aprendizaxe, formativo para a obtención da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos, de relevo, interinidade e contratos realizados con traballadores que teñan recoñecido un grao de discapacidade non inferior ao 33%	5,50	1,55	7,05
Contrato duración determinada a tempo completo ou a tempo parcial	6,70	1,60	8,30

FOGASA	EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL
	0,20		0,20

FORMACIÓN PROFESIONAL	EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL
	0,60	0,10	0,70

TOPES COTIZACIÓN DE ACCIDENTES DE TRABAJO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS	
MÁXIMO	MÍNIMO
4.909,50	1.381,20

CONTRATO DE TRABAJO A TEMPO PARCIAL	
GRUPO COTIZACIÓN	BASE MÍNIMA/HORA
1	11,62
2	9,64
3	8,38
4 a 11	8,32
A.T. y E.P.	8,32

SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL (SMI)	DIARIO	MENSUAL	ANUAL
IMPORTES	39,47 €	1.184,00 €	16.576,00 €

INDICADOR PÚBLICO DE RENDAS DE EFECTOS MÚLTIPLES (IPREM)

	DIARIO	MENSUAL	ANUAL
IMPORTES	20 €	600 €	7.200 €

SISTEMA ESPECIAL PARA TRABALLADORES POR CONTA PROPIA AGRARIOS

Bases mínima e máxima euros/mes	Durante o ano 2025, a táboa xeral e a táboa reducida das bases máximas e mínimas aplicables aos diferentes tramos de rendementos netos serán:		
	Tramos de rendementos netos 2025. Euros/mes		Base mínima. Euros/mes
	Tramo 1	<= 670	653,59
	Tramo 2	> 670 y <= 900	718,95
	Tramo 3	> 900 y <1.166,70	849,67
	Táboa xeral		
	Tramos de rendementos netos 2025. Euros/mes		Base mínima. Euros/mes
	Tramo 1	>= 1.166,70 y <=1.300	950,98
	Tramo 2	> 1.300 y <= 1.500	960,78
	Tramo 3	> 1.500 y <= 1.700	960,78
	Tramo 4	> 1.700 y <= 1.850	1.143,79
	Tramo 5	> 1.850 y <= 2.030	1.209,51
	Tramo 6	> 2.030 y <= 2.330	1.274,51
	Tramo 7	> 2.330 y <= 2.760	1.356,21
	Tramo 8	> 2.760 y <= 3.190	1.437,91
	Tramo 9	> 3.190 y <= 3.620	1.519,61
	Tramo 10	> 3.620 y <= 4.050	1.601,31
	Tramo 11	> 4.050 y <= 6.000	1.732,03
	Tramo 12	> 6.000	1.928,10
Tipo Continxencias Comúns	● 18,75 por cento cando a persoa traballadora optara por unha base de cotización ata 1.141,18 euros mensuais ● 26,50 por cento cando a persoa traballadora optara por unha base de cotización superior a 1.141,18 euros mensuais (aplicaráselle á contía que exceda)		
Mellora voluntaria de incapacidade temporal por continxencias comúns	● 3,30 por cento ● 2,80 por cento se o/a interesado/a está acollido/a á protección por continxencias profesionais ou por cesamento de actividade		
Tipo para accidentes de traballo (AT) e enfermidades profesionais (EP)	Tarifa de primas establecida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro		
Incapacidade permanente, e morte e supervivencia (cando non se opte pola totalidade de AT e EP)	1,00 por cento		
Mecanismo de equidade interxeracional	0,8 por cento sobre a base de cotización por continxencias comúns		

As persoas traballadoras incluídas neste sistema especial que non optasen por dar cobertura, no ámbito de protección dispensada, á totalidade das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,10 por cento, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas para o risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.

SISTEMA ESPECIAL PARA EMPREGADOS DE FOGAR

Bases mensuais de cotización

Desde o 1 de xaneiro de 2025, as bases de cotización por continxencias comúns a este sistema especial serán as determinadas na seguinte escala, en función da retribución percibida polos empregados de fogar por cada relación laboral.

Tramo	Retribución mensual euros/mes	Base de cotización euros/mes
1.º	Ata 319,00	296,00
2.º	Desde 319,01 ata 495,00	423,00
3.º	Desde 495,01 ata 672,00	584,00
4.º	Desde 672,01 ata 850,00	761,00
5.º	Desde 850,01 ata 1.029,00	941,00
6.º	Desde 1.029,01 ata 1.204,00	1.116,00
7.º	Desde 1.204,01 ata 1.381,20	1.381,20
8.º	Desde 1.381,21	Retribución mensual

A efectos da determinación da retribución mensual do empregado de fogar, o importe percibido mensualmente deberá ser incrementado, conforme ao establecido no artigo 147.1 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, coa parte proporcional das pagas extraordinarias que teña dereito a percibir o empregado.

Tipos de cotización

TIPOS DE COTIZACIÓN (%)			
CONTINXENCIAS	EMPREGADOR	TRABALLADOR	TOTAL
Comúns	23,60	4,70	28,30

Continxencias comúns

Desde o 1 de xaneiro de 2025, o tipo de cotización por continxencias comúns será o 28,30 por cento, sendo o 23,60 por cento a cargo do empregador e o 4,70 por cento a cargo do empregado.

Continxencias profesionais

Sobre a base de cotización que corresponda, aplicarase o tipo de cotización previsto na tarifa de primas aprobada pola disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2007, en redacción dada pola disposición final quinta do real decreto-Lei 28/2018, do 28 de decembro (clave epígrafe 97), sendo a cota resultante a cargo exclusivo do empregador.

Desemprego

Os tipos de cotización por desemprego serán, a partir do 1 de xaneiro de 2025, os seguintes:

- Contratación indefinida: 7,05 por cento, do que o 5,5 por cento será a cargo do empregador e o 1,55 por cento será a cargo do empregado.
- Contratación de duración determinada: 8,30 por cento, do que o 6,70 por cento será a cargo do empregador e o 1,60 por cento será a cargo do empregado.

Fondo de Garantía Salarial (FOGASA)

O tipo de cotización ao Fondo de Garantía Salarial será do 0,2 por cento a cargo exclusivo do empregador.

Mecanismo de equidade interxeracional (MEI)

A partir do 1 de xaneiro de 2025 será o 0,8 por cento aplicable sobre a base de cotización por continxencias, do que o 0,67 por cento será a cargo do empregador e o 0,13 por cento será a cargo do empregado.

Beneficios na cotización

Salvo que se estableza o contrario, unicamente poderán obter reducións, bonificacións ou calquera outro beneficio nas bases, tipos e cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, as persoas empregadoras que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigacións de pago coa Seguridade Social, na data da súa concesión.

A falta de ingreso en prazo regulamentario das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta devindicadas con posterioridade á obtención dos beneficios na cotización dará lugar unicamente á súa perda automática respecto das cotas correspondentes a períodos non ingresados no devandito prazo, salvo que sexa debida a erro da Administración da Seguridade Social.

Os beneficios na cotización aplicables neste Sistema Especial son os seguintes:

- Redución por alta no réxime do 20% na cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns.
- Beneficio do 45% na cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns, pola contratación de coidadores en familias numerosas (non acumulable coa redución por alta no réxime do 20%). Só será aplicable pola contratación dun único coidador por cada unidade familiar que teña recoñecida oficialmente a condición de familia numerosa.
- Bonificación do 80% na achega empresarial á cotización por desemprego (vixente desde o 1 de outubro de 2022).
- Bonificación do 80% na cotización ao FOGASA (vixente desde o 1 de outubro de 2022).
- Redución do 75% da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns durante a situación de incapacidade temporal das persoas traballadoras que cumprisen a idade de 62 anos (vixente desde o 1 de xaneiro de 2022).
- Bonificacións na cota empresarial á Seguridade Social, pola contratación de persoas con discapacidade, de acordo coa Lei 43/2006, do 29 de decembro e o Real decreto-lei 1/2023, do 10 de xaneiro.
- Bonificación do 100% da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns, pola formalización de contratos de interinidade, para substituír a traballadoras vítimas de violencia de xénero, de acordo co artigo 21, apartado 3, da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Bonificación do 100% da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns, pola formalización de contratos de interinidade, para substituír a traballadoras vítimas de violencia sexual que suspendan o seu contrato de traballo ou exercer o seu dereito á mobilidade xeográfica ou ao cambio de centro de traballo, de acordo co artigo 38, apartado 3, da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.
- Bonificación do 100% da cota empresarial total á Seguridade Social pola formalización de contratos de interinidade que se celebren con persoas desempregadas para substituír a persoas traballadoras que teñan suspendido o seu contrato de traballo por risco durante o embarazo ou por risco durante a lactación natural, por nacemento e coidado de menor e exercicio corresponsable do coidado do lactante, nos termos establecidos no Estatuto dos Traballadores.

Desde o 1 de setembro de 2023, para novas contratacións, esta bonificación será, con carácter xeral, de 366 euros da cota empresarial total á Seguridade Social.

- Bonificación do 100% da cota empresarial total á Seguridade Social das persoas traballadoras substituídas polas causas citadas no parágrafo anterior. Só será de aplicación esta bonificación mentres coincidan no tempo a suspensión de actividade polas devanditas causas e o contrato de interinidade do substituto e, en todo caso, co límite máximo do período de suspensión.

Desde o 1 de setembro de 2023, para novas contratacións, esta bonificación será, con carácter xeral, de 366 euros da cota empresarial total á Seguridade Social.

No caso en que a contratación dunha persoa traballadora puidese dar lugar simultaneamente á súa inclusión en máis dun dos supostos para os que están previstos bonificacións na cotización polas mesmas continxencias, só será posible desfrutalos respecto dun deles, correspondendo a opción á persoa empregadora no momento da solicitude do alta, ou da variación de datos, da persoa traballadora.

SISTEMA ESPECIAL PARA TRABALLADORES POR CONTA ALLEA AGRARIOS. PERÍODOS DE ACTIVIDADE

AÑO 2025

COTIZACIÓN EN PERÍODOS DE ACTIVIDADE.

A cotización poderá efectuarse, a opción do empresario, por bases diarias, en función das xornadas reais efectivamente realizadas ou previstas, ou por bases mensuais. De non exercitarse expresamente a opción polo empresario, por defecto entenderase que se elixiu a modalidade de bases mensuais de cotización, que resultará obrigatoria para os traballadores por conta allea con contrato indefinido sen incluír entre estes aos que presten servizos con carácter fixo discontinuo, nos que terá carácter opcional.

As bases de cotización aplicables para os traballadores incluídos neste Sistema Especial determinaranse conforme ao establecido no artigo 147 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

Aos traballadores incluídos neste Sistema especial, non lles será de aplicación a cotización adicional por horas extraordinarias.

Tampouco será de aplicación a cotización adicional por continxencias comúns, establecida nos contratos temporais de duración efectiva igual ou inferior a trinta días.

1.- BASES DE COTIZACIÓN POR CONTINXENCIAS COMÚNS E PROFESIONAIS EN MODALIDADE MENSUAL

Para os traballadores con modalidade de cotización mensual, que presten servizos durante todo o mes, a partir do 1 de xaneiro de 2025 establécense as seguintes bases mínimas e máximas de cotización durante os períodos de actividade::

BASES MÁXIMAS E MÍNIMAS DE COTIZACIÓN			
Grupo de Cotización	Categorías Profesionais	Bases mínimas euros/mes	Bases máximas euros /mes
1	Enxeñeiros e Licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos Traballadores	1.929,00	4.909,50
2	Enxeñeiros Técnicos, Peritos e Axudantes Titulados	1.599,60	4.909,50
3	Xefes Administrativos e de Taller	1.391,70	4.909,50
4	Axudantes no Titulados	1.381,20	4.909,50
5	Oficiais Administrativos	1.381,20	4.909,50
6	Subalternos	1.381,20	4.909,50
7	Auxiliares Administrativos	1.381,20	4.909,50
8	Oficiais de primeira e segunda	1.381,20	4.909,50
9	Oficiais de terceira e Especialistas	1.381,20	4.909,50
10	Peóns	1.381,20	4.909,50
11	Persoas traballadoras menores de dezoito anos	1.381,20	4.909,50

2.- BASES DE COTIZACIÓN POR CONTINXENCIAS COMÚNS E PROFESIONAIS EN MODALIDADE DE XORNADAS REAIS

Cando se realicen no mes natural 22 ou máis xornadas reais a base de cotización aplicable será a correspondente ás bases de cotización por continxencias comúns e profesionais en modalidade mensual.

BASES MÁXIMAS Y MÍNIMAS DE COTIZACIÓN			
Grupo de Cotización	Categorías Profesionais	Bases mínimas euros/día	Bases máximas euros /día
1	Enxeñeiros e Licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos Traballadores	83,87	213,46
2	Enxeñeiros Técnicos, Peritos e Axudantes Titulados	69,55	213,46
3	Xefes Administrativos e de Taller	60,51	213,46
4	Axudantes no Titulados	60,05	213,46
5	Oficiais Administrativos	60,05	213,46
6	Subalternos	60,05	213,46
7	Auxiliares Administrativos	60,05	213,46
8	Oficiais de primeira e segunda	60,05	213,46
9	Oficiais de terceira e Especialistas	60,05	213,46
10	Peóns	60,05	213,46
11	Persoas traballadoras menores de dezoito anos	60,05	213,46

Con independencia do número de horas de traballo realizadas en cada xornada, a base de cotización das persoas traballadoras incluídas no Sistema Especial para traballadores por Conta Allea Agrarias non poderá ter dende o 1 de xaneiro de 2025 unha contía inferior a 60,05 euros/día.

3.-TIPOS DE COTIZACIÓN EN PERÍODOS DE ACTIVIDADE

Tipos de cotización para Continxencias comúns e Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais

TIPO COTIZACIÓN %			
CONTINXENCIAS COMÚNS			Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais
GRUPO DE COTIZACIÓN	EMPRESA	TRABALLADOR	TOTAL
1	23,60	4,70	28,30
2 a 11	20,96	4,70	25,66

Tarifa de Primas disposición adicional cuarta Lei 42/2006, do 28 de decembro, PGE 2007, na redacción dada pola Disposición Final Quinta do RDL 28/2018 do 28 de decembro (BOE do 29) sendo as primas resultantes a cargo exclusivo da empresa

Tipos de cotización Mecanismo Equidade Interxeracional (MEI)

MECANISMO EQUIDADE INTERXERACIONAL (MEI)	EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL
	0,67	0,13	0,80

Tipos de cotización para Desemprego, FOGASA e Formación Profesional

DESEMPREGO		EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL
Traballadores por conta aliea de carácter fixo e traballadores con contratos de duración determinada celebrados con traballadores cun grao de discapacidade non inferior ao 33 por cento		5,50	1,55	7,05
Traballadores por conta aliea de carácter eventual		6,70	1,60	8,30
FOGASA	EMPRESA	TRABALLADORES		TOTAL
	0,10			0,10
FORMACIÓN PROFESIONAL	EMPRESA	TRABALLADORES		TOTAL
	0,15	0,03		0,18

Tipos de cotización durante as situacións de Incapacidade Temporal, Risco durante o embarazo e Risco durante a lactación natural, así como de Nacemento e coidado do menor ou por exercicio corresponsable do coidado do lactante, causadas durante a situación de actividade: a cotización efectuarase segundo modalidade de contratación.

CONTRATO INDEFINIDO		CONTRATO TEMPORAL E FIXOS DISCONTINUOS
GRUPO DE COTIZACIÓN	TIPO % CONTINXENCIAS COMÚNS	Respecto aos días contratados nos que os traballadores non puidesen prestar os seus servizos aplicaranse os tipos previstos para o contrato indefinido.
1	15,50	
2 a 11	2,75	

4.-REDUCIÓN ACHEGAS EMPRESARIAIS

4.1. Reducións na cotización por continxencias comúns en situacións de actividade.

Durante o ano 2025, aplicaranse as seguintes reducións nas achegas empresariais á cotización a este Sistema Especial durante os períodos de actividade con prestación de servizos.

- Respecto ás persoas traballadoras encadrados no grupo de cotización 1, aplicarase unha redución de 8,10 puntos porcentuais da base de cotización, resultando un tipo efectivo de cotización por continxencias comúns do 15,50 por 100.
En ningún caso a cota empresarial resultante será superior a 279,00 euros ao mes ou 12,68 euros por xornada real traballada.
- Respecto ás persoas traballadoras encadrados nos grupos de cotización 2 a 11, a redución axustarase ás seguintes regras:

Para bases mensuais de cotización a fórmula para aplicar será a seguinte: $\% \text{ redución mes ou xornada ano 2025} = \% \text{ redución ano 2021 á base mes ou xornada de 2025} + [(8,10\% - \% \text{ redución ano 2021 á base mes ou xornada 2025})/10] \cdot 4$

A cota empresarial resultante non poderá ser inferior a 163,84 euros mensuais ou 7,45 euros por xornada real traballada.

4.2. Reducións na achega empresarial por desemprego durante as situacións de Incapacidade Temporal, Risco durante o embarazo, Risco durante a lactación natural, así como de Nacemento e coidado do menor e exercicio corresponsable do coidado do lactante, causadas durante a situación de actividade.

Durante o ano 2025 aplicarase, para todas as persoas traballadoras que se atopan nestas situacións, calquera que sexa o grupo no que queden encadrados, unha redución de 2,75 puntos porcentuais da base de cotización.

RÉXIME ESPECIAL DO MAR

Bases de Cotización Ano 2025

GRUPO I. As bases de cotización do Grupo I serán as determinadas para o Réxime Xeral.

GRUPOS II E III. Bases de cotización para os grupos II e III publicadas no BOE con data de 31 de xaneiro de 2025. Orde ISM/87/2025, de 20 de xaneiro (BOE N.º 27). **GRUPOS II e III.** Bases de cotización para grupos II e III:

Bases grupo II A (embarcacións entre 50,01 y 150 T.R.B.)				
Zona Norte				
	Modalidade Pesca	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización	
			1 a 7	8 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias.	Arrastre de Fondo en Cantábrico NW	72	2.880,00	1.770,00
	Cerco en Cantábrico NW	73	2.160,00	1.701,00
	Palangre de Fondo en Cantábrico NW	74	2.160,00	1.701,00
	Rasco en Cantábrico NW	75	2.160,00	1.701,00
	Volanta en Cantábrico NW	76	2.160,00	1.701,00
	Artes Menores en Cantábrico NW	77	2.160,00	1.701,00
	Palangre de Fondo Menores de 100 TRB en Villabde	86	2.880,00	1.902,00
	Arrastre de Fondo en zonas CIEM VB, VI, VII e Villabde	87	2.880,00	1.902,00
	Artes Fijas en zonas CIEM VB, VI, VII e Villabde	88	2.880,00	1.902,00
	Arrastre en Augas de Portugal	89	2.880,00	1.737,00
	Palangre de Fondo Augas Internacionais e Terceiros Países	91	2.880,00	1.866,00
	Palangre de Superficie	85	2.625,00	1.719,00

Bases grupo segundo B (embarcacións entre 10,01 e 50 T.R.B.)				
Zona Norte				
	Modalidade Pesca	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización	
			1 a 7	8 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias.	Cerco en Cantábrico NW	73	1.980,00	1.650,00
	Palangre de Fondo en Cantábrico NW	74	1.980,00	1.650,00
	Rasco en Cantábrico NW	75	2.031,00	1.650,00
	Volanta en Cantábrico NW	76	2.031,00	1.650,00
	Artes Menores en Cantábrico NW	77	1.980,00	1.650,00
	Palangre de Fondo Menores de 100 TRB en Villabde	86	1.950,00	1.551,00
	Artes Fijas en zonas CIEM VB, VI, VII y Villabde	88	1.950,00	1.551,00
	Palangre de Superficie	85	2.070,00	1.719,00

Bases grupo terceiro		
Zona Norte		
	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización.	
	3 e 4	8 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias. Cantabria.	1.653,00	1.509,00

RÉXIME ESPECIAL TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Bases mínima e máxima euros/mes	Durante o ano 2025, a táboa xeral e a táboa reducida das bases máximas e mínimas aplicables aos diferentes tramos de rendementos netos serán as seguintes:		
	Táboa reducida		
	Tramos de rendementos netos 2025. Euros/mes	Base mínima. Euros/mes	Base máxima. Euros/mes
	Tramo 1	<= 670	653,59
	Tramo 2	> 670 y <= 900	718,95
	Tramo 3	> 900 y <1.166,70	849,67
	Táboa xeral		
	Tramos de rendementos netos 2025. Euros/mes	Base mínima. Euros/mes	Base máxima. Euros/mes
	Tramo 1	>= 1.166,70 e <=1.300	950,98
	Tramo 2	> 1.300 e <= 1.500	960,78
	Tramo 3	> 1.500 e <= 1.700	960,78
	Tramo 4	> 1.700 e <= 1.850	1.143,79
	Tramo 5	> 1.850 e <= 2.030	1.209,15
	Tramo 6	> 2.030 e <= 2.330	1.274,51
	Tramo 7	> 2.330 e <= 2.760	1.356,21
	Tramo 8	> 2.760 e <= 3.190	1.437,91
	Tramo 9	> 3.190 e <= 3.620	1.519,61
	Tramo 10	> 3.620 e <= 4.050	1.601,31
	Tramo 11	> 4.050 e <= 6.000	1.732,03
	Tramo 12	> 6.000	1.928,10
Tipo Continxencias Comúns	28,30 por cento		
Tipo Continxencias Profesionais	1,30 por cento		
Tipo Cese de Actividade	0,90 por cento		
Tipo Formación Profesional	0,10 por cento		
Mecanismo equidade interxeracional	0,8 por cento sobre a base de cotización por continxencias comúns		

Persoas traballadoras autónomas cun cambio de base solicitado a 1 de xaneiro de 2025

A base de cotización dos traballadores que a 31 de decembro de 2024 solicitasen un cambio da súa base de cotización con efectos desde o 1 de xaneiro de 2025 será a solicitada sempre que se atope nalgún dos tramos das táboas do apartado 1 e cumpra o establecido na Real Decreto-lei 13/2022, do 26 de xullo, polo que se establece un novo sistema de cotización para os traballadores por conta propia ou autónomos e mellórase a protección por cesamento de actividade.

Familiares da persoa traballadora autónoma e societarios/as

Os familiares da persoa traballadora autónoma incluídos neste réxime especial ao amparo do establecido no artigo 305.2.k) e as persoas traballadoras autónomas incluídos neste réxime especial ao amparo do establecido nas letras b) e e) do artigo 305.2, así como as persoas traballadoras autónomas ás que se refire o artigo 308.1.c), regra 5.ª, artigos todos eles do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, non poderán elixir unha base de cotización mensual inferior a 1.000 euros durante o ano 2025. Para a aplicación desta base de cotización mínima bastará con figurar 90 días en alta neste réxime especial en calquera destes supostos.

Persoas traballadoras autónomas que a 31/12/2022 cotizaran por unha base superior á que lles correspondería polos seus rendementos e non a modificaran con posterioridade

Durante o ano 2025 poderán manter a mesma base de cotización ou unha inferior a esta, aínda que os rendementos determinen a aplicación dunha base de cotización inferior a calquera delas.

Persoas traballadoras autónomas dedicadas á venda ambulante ou a domicilio

Os traballadores autónomos dedicados á venda ambulante (CNAE 4781 Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en postos de venda e mercadillos; 4782 Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, pezas de vestir e calzado en postos de venda e mercadillos e 4789 Comercio polo miúdo doutros produtos en postos de venda e mercadillos) poderán elixir cotizar por unha base equivalente a un 77 por cento da base mínima do tramo 1 da táboa reducida.

O establecido no presente apartado será tamén de aplicación aos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicadas á venda ambulante que perciben os seus ingresos directamente dos compradores.

Socios/as traballadores/as de cooperativas de traballo asociado dedicados/as á venda ambulante

Os/as socios/as traballadores/as de cooperativas de traballo asociado dedicados/as á venda ambulante que quedasen incluídos no Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos en aplicación do establecido no artigo 120.catro.8 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, terán dereito, durante 2025, a unha redución do 50 por cento da cota por continxencias comúns que resulte de aplicar sobre a base provisional, sempre que o seu importe sexa de 960,60 euros ou inferior, o tipo de cotización vixente neste réxime especial. Esta redución non se aplicará se se elixira unha base superior a 960,60 euros.

Tamén terán dereito a esa redución os/as socios/as traballadores/as de cooperativas de traballo asociado dedicados/as á venda ambulante que iniciasen a súa actividade e quedasen incluídos no citado réxime especial a partir do 1 de xaneiro de 2009.

Pluriactividade

As persoas traballadoras autónomas que coticen en réxime de pluriactividade, e o fagan durante o ano 2025, tendo en conta tanto as cotizacións efectuadas neste réxime especial como as achegas empresariais e as correspondentes ás persoas traballadoras no réxime de Seguridade Social que corresponda pola súa actividade por conta allea, terán dereito ao reintegro do 50 por cento do exceso en que as súas cotizacións por continxencias comúns superen a contía de 16.672,66 euros, co tope do 50 por cento das cotas ingresadas neste réxime especial en razón da súa cotización polas continxencias comúns.

En tales supostos, a Tesourería Xeral da Seguridade Social procederá a abonar o reintegro que en cada caso corresponda, nun prazo máximo de catro meses desde a regularización prevista no artigo 308.1.c) do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, salvo cando concorran especialidades na cotización que impidan efectualo nese prazo ou resulte necesaria a achega de datos por parte do/a interesado/a, nese caso o reintegro realizarase con posterioridade ao mesmo.

Persoas traballadoras por conta propia dedicadas a unha actividade artística

A base de cotización mensual á que se refire o artigo 313 bis parágrafo 1º do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, para os artistas incluídos no Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos cuxos ingresos anuais sexan iguais ou inferiores a 3.000,00 euros, será, en tanto se aprobe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2025, de 526,14 euros mensuais.

Solicitud Base de Cotización Máxima con efectos 1 de xaneiro 2025

As persoas traballadoras incluídas no Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e/ou no Réxime Especial dos Traballadores do Mar que, ao 1 de xaneiro de 2025, viñesen cotizando pola base máxima do tramo 11 e 12 da táboa xeral para o ano 2024, equivalente a 4.720,50 euros, poderán solicitar ata o 31 de marzo de 2025, calquera base de cotización que se atope comprendida entre a base pola que veñen cotizando (4.720,50 euros) e a base máxima do tramo 11 e 12 da táboa xeral para o ano 2025, equivalente a 4.909,50 euros, con efectos 1 de xaneiro 2025.

Colectivos excluídos do novo sistema de cotización para os traballadores por conta propia ou autónomos

● **Membros de vida consagrada da Igrexa Católica**

Aos membros de institutos de vida consagrada da Igrexa Católica, incluídos neste réxime especial en virtude do Real Decreto 3325/1981, do 29 de decembro, pola que se incorpora ao Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos aos relixiosos de Dereito diocesano da Igrexa Católica, e da Orde TAS/820/2004, do 12 de marzo, pola que se incorpora ao Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta propia ou Autónomos aos relixiosos da Igrexa Católica, non se lles aplicará a cotización en función dos rendementos da actividade económica ou profesional.

En calquera caso, deberán elixir a súa base de cotización mensual nun importe igual ou superior á base mínima do tramo 3 da táboa reducida de bases de cotización.

As bases de cotización mensuais elixidas por eles non serán obxecto de regularización, ao non cotizar en función de rendementos.

Tampouco será esixible a cobertura da continxencia por incapacidade temporal, das continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional, polo cesamento de actividade e por formación profesional.

O tipo de cotización aplicable á base de cotización dos membros de institutos de vida consagrada da Igrexa Católica incluídos no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos será o 27,15 por cento, do que o 26,51 por cento corresponde á cobertura de continxencias comúns, excluída a incapacidade temporal, e o 0,64 por cento, ás continxencias profesionais correspondentes a incapacidade permanente e a morte e supervivencia, non estando cuberta a protección por cesamento de actividade, sempre que devanditos institutos contén coa autorización da Seguridade Social para colaborar na xestión da prestación económica de incapacidade temporal.

● **Socios/as traballadores/as de cooperativas que dispoñan dun sistema intercooperativo de prestacións sociais, complementario ao sistema público.**

Aos/as socios/as de cooperativas incluídos no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos que dispoñan dun sistema intercooperativo de prestacións sociais, complementario ao sistema público, no ano 2025 non lles resultará de aplicación a cotización en función dos rendementos obtidos pola súa actividade económica ou profesional, conforme ao disposto na disposición adicional cuarta do Real Decreto-lei 13/2022, do 26 de xullo.

Deberán elixir unha base de cotización mensual por un importe igual ou superior á base mínima do tramo 1 da táboa xeral de bases de cotización establecidas para o ano 2025. As bases de cotización mensuais elixidas por eles/as non serán obxecto de regularización, ao non cotizar en función de rendementos.

CONVENIO ESPECIAL ARTISTAS

Bases de Cotización Artistas Año 2025

I. Traballos de teatro, circo, música, variedades e folclore, incluídos os realizados para radio e TV ou mediante gravacións

Grupo de Cotización	Categorías Profesionais	Base Mínima Diaria	Base a conta Diaria	Base Máxima Anual
1	Directores, directores coreográficos, de escena e artísticos, primeiros mestres directores e presentadores de radio e televisión	64,30		58.914,00
2	Segundos e terceiros mestres directores, primeiros e segundos mestres substitutos e directores de orquestra	53,32		58.914,00
3	Mestres (coreográficos, de coros e apuntadores), directores de banda, rexedores, apuntadores, locutores de radio e televisión.	46,39		58.914,00
3	Actores, cantantes líricos e de música lixeira, caricatos, animadores de salas de festa, bailaríns, músicos e artistas de circo, variedades e folclore.	46,39	(*)	58.914,00
5	Adxuntos de dirección	46,04		58.914,00
7	Secretarios de dirección	46,04		58.914,00

II. Traballos de produción, dobraxe de películas ou sincronización de películas (tanto nas modalidades de largometraxes, curtametraxes ou publicidade) ou para TV, e traballos técnicos e auxiliares directamente vinculados a actividades de artes escénicas, audiovisuais e as musicais.

Grupo de Cotización	Categorías Profesionais	Base Mínima Diaria	Base a conta Diaria	Base Máxima Anual
1	Directores	64,30		58.914,00
2	Directores de fotografía	53,32		58.914,00
3	Directores de produción, directores técnicos e actores	46,39		58.914,00
4	Decoradores, escenógrafos de espectáculos en vivo, eventos e audiovisuais, deseñadores de maquinaria escénica, directores de son, directores de iluminación, directores de xastrería.	46,04		58.914,00
5	Montadores, técnicos dobraxe, xefes técnicos e adaptadores de diálogo, 2 ^{os} operadores, maquilladores, axudantes técnicos, 1 ^o axudante de produción, fotógrafo (foto fixa), figurinistas, iluminadores, técnicos de son, técnicos de maquinaria escénica, técnicos de utilería e técnicos xastrería.	46,04	(*)	58.914,00
7	Axudantes de operador, axudantes maquilladores, axudantes caracterizadores, axudantes son, axudantes rexeduría, axudantes iluminadores, axudantes de maquinaria escénica, axudantes de utilería, axudantes de xastrería, axudantes decoradores, perruqueiros, axudantes de salón de peiteado segundos, axudantes de produción, secretarios de rodaxe, secretarios de produción en rodaxe, axudantes de montaxe, auxiliares de dirección, auxiliares de maquillador e auxiliares de produción, comparsaría e figuración, avisadores.	46,04		58.914,00

Base a conta diaria artistas I. E II	
(*) Retribucións íntegras (euros)	Base a conta diaria (euros)
Ata 555,00	327,00
Entre 555,01 e 999,00	412,00
Entre 999,01 e 1.672,00	492,00

Maior ou igual a 1.672,01 euros	653,10
---------------------------------	--------

CONTRATOS PARA A FORMACIÓN E APRENDIZAXE E CONTRATOS FORMATIVOS EN ALTERNANCIA

ANO 2025

A cotización á Seguridade Social e polas demais continxencias protexidas respecto a as persoas traballadoras que celebren un contrato para a formación e a aprendizaxe ou un contrato de formación en alternancia efectuarase conforme ás seguintes regras:

Primeira: Cando a base de cotización mensual por continxencias comúns, determinada conforme ás regras establecidas no réxime da Seguridade Social que corresponda, non supere a base mínima mensual do devandito réxime:

CONCEPTO	EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL COTA MENSUAL
Continxencias Comúns	55,97€	11,16€	67,13€
Accidentes de traballo e Enfermidades profesionais	3,99 (IT) 3,72 (IMS)		7,71€
Desemprego *	75,96€	21,41€	97,37€
Fondo de Garantía Salarial	4,25€		4,25€
Formación Profesional	2,09€	0,27€	2,36€

(*) Cando cumpra cotizar por desemprego nos contratos para a formación, a base de cotización será a base mínima correspondente ás continxencias por accidentes de traballo e enfermidades profesionais para o ano 2025, á que será de aplicación o tipo do 7,05%, distribuído conforme ao seguinte detalle: 5,50% a cargo da empresa e 1,55% a cargo do traballador.

Segunda: Cando a base de cotización mensual por continxencias comúns, determinada conforme ás regras establecidas no réxime da Seguridade Social que corresponda, supere a base mínima mensual de cotización do devandito réxime, ás cotas únicas a que se refire a regra primeira sumaránselles as cotas resultantes de aplicar, ao importe en que a base de cotización exceda da base mínima, os seguintes tipos de cotización:

CONCEPTO	EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL	ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS
Continxencias Comúns	23,60%	4,7%	28,30%	Tarifa de Primas disposición adicional cuarta Lei 42/2006, do 28 de decembro, PGE 2007, na redacción dada pola Disposición Final Quinta do RDL 28/2018 do 28 de decembro (BOE de 29) sendo as primas resultantes a cargo exclusivo da empresa.
Desemprego	5,50%	1,55%	7,05%	
Fondo de Garantía Salarial	0,20%		0,20%	
Formación Profesional	0,60%	0,10%	0,70%	

Terceira: Cotización Mecanismo de Equidade Interxeracional (MEI). Sobre a base de cotización mínima do Réxime Xeral da Seguridade Social:

CONCEPTO	EMPRESA	TRABALLADORES	
Mecanismo Equidade Interxeracional (MEI)	0,67%	0,13%	0,80%

PRÁCTICAS FORMATIVAS OU PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS INCLUÍDAS NOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN

ANO 2025

As persoas que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación previstas na disposición adicional quincuaxésimo segunda do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social, excluídos os sistemas especiais do mesmo, salvo que a práctica ou formación se realice a bordo de embarcacións, nese caso a inclusión producirase no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.

Prácticas formativas remuneradas:

CONCEPTO	EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL
Continxencias Comúns	55,97€/mes	11,16€/mes	67,13€/mes
Accidentes de Trabajo e Enfermidades Profesionais	3,99 €/mes IT (Incapacidade Temporal) 3,72 €/mes IMS (Incapacidade Permanente, Morte e Supervivencia)		7,71€/mes
Mecanismo Equidade Interxeracional (MEI)			Excluído

Esta cotización aplicarase tamén respecto das prácticas realizadas ao amparo do Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, e do Real Decreto 1543/2011, do 31 de outubro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas.

Prácticas formativas non remuneradas:

CONCEPTO	EMPRESA	TRABALLADORES	TOTAL
Continxencias Comúns (excluída IT)	2,79 €/día		2,79 €/día (máximo mensual: 63,44€)
Accidentes de Trabajo e Enfermidades Profesionais	0,18 €/día IT 0,16 €/día IMS		0,34€/día (máximo mensual: 7,71 € (3,99€ de IT y 3,72€ de IMS)
Mecanismo Equidade Interxeracional (MEI)			Excluído

No ano 2025, para ambos os casos de prácticas, ás cotas por continxencias comúns resultarlles de aplicación a redución do 95 por cento establecida no apartado 5.b) da disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sen que lles sexa de aplicación outros beneficios na cotización distintos a esta redución. A estas reducións de cotas resultarlles de aplicación o establecido no artigo 20 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, fóra do establecido nos seus apartados 1 e 3.

FONTE: www.seg-social.es

PENSIÓN E XUBILACIÓN

Idade de Xubilación ordinaria en 2025

A idade legal de xubilación ordinaria en 2025 subirá dous meses respecto á de 2024, situándose en 66 anos e 8 meses cando se conte con menos de 38 anos e tres meses. Con todo, en caso de dispoñer de 38 anos cotizados e tres meses ou máis, será posible xubilarse con 65 anos.

Idade de xubilación anticipada en 2025

En consecuencia, por estar vinculada á anterior, tamén se atrasará a idade mínima para acceder á xubilación anticipada.

- É posible acceder á xubilación anticipada voluntaria ata 24 meses (2 anos) antes da idade legal ordinaria.
Para acceder á xubilación anticipada voluntaria en 2025 será necesario cumprir os 64 anos e 8 meses, no caso de dispoñer de menos de 38 anos e tres meses. En caso de acumular 38 anos e tres meses ou máis de cotización, será posible acceder á xubilación anticipada voluntaria a partir dos 63 anos.
Cotización: Mínimo de 35 anos cotizados. 2 anos de cotización dentro dos últimos 15 anos.
- É posible acceder á xubilación anticipada involuntaria ou forzosa ata 48 meses (4 anos) antes da idade ordinaria.
En 2025, a idade mínima para acceder a esta xubilación é de 62 anos e 8 meses se se teñen menos de 38 anos e 3 meses cotizados, ou de 61 anos se se teñen 38 anos e 3 meses ou máis cotizados.
Cotización: Se require ter ao menos 33 anos cotizados.

Idade de xubilación parcial (con contrato de substitución) en 2025

A partir do 1 de abril atrasase a idade de acceso á xubilación parcial e aumentan tamén os anos de cotización para acceder á mesma. Así, para 2025 será:

- 63 anos e 8 meses. Para aquelas persoas que teñan cotizados menos de 38 anos e 3 meses e máis de 33 anos.
- 62 anos, no caso de ter cotizados 38 anos e 3 meses ou máis de cotización.

Polo tanto a idade mínima (sen aplicación das reducións de idade de xubilación): ter cumprida na data do feito causante unha idade que sexa inferior en tres anos, como máximo, á idade ordinaria de xubilación que en cada caso resulte de aplicación.

É necesario contar un período de cotización mínimo de 33 anos na data do feito causante da xubilación parcial, sen que poida terse en conta nese cómputo a parte proporcional das pagas extraordinarias. Tampouco se teñen en conta as bonificacións ou anticipacións da idade de xubilación que puidesen ser de aplicación ao interesado. Si se contabilizan os períodos de servizo militar, prestación social substitutoria e servizo social feminino, co límite máximo dun ano, aínda que unicamente aos exclusivos efectos de determinar o período de cotización necesario.

No caso de persoas traballadoras cunha discapacidade superior ao 33%, poderán acceder á xubilación parcial con contrato de substitución con 25 anos cotizados.

Pensión máxima 2025

A contía máxima das pensións públicas será de 3.267,60 euros mensuais (45.746,40 euros anuais).

Clase de pensión	Contía mensual 14 pagas	Contía anual
Todas as pensións	3.267,60	45.746,40

Contía mínima das pensións contributivas

A contía mínima das pensións contributivas do sistema da Seguridade Social e clases pasivas incrementarase no ano 2025 en función do tipo de pensión cos importes que se especifican nos seguintes cadros:

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: Unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Xubilación			
Titular con sesenta e cinco anos.	15.786,40	12.241,60	11.620,00
Titular menor de sesenta e cinco anos.	15.786,40	11.452,00	10.824,80
Titular con sesenta e cinco anos procedente de gran invalidez.	23.678,20	18.362,40	17.430,00
Incapacidade Permanente			
Gran incapacidade	23.678,20	18.362,40	17.430,00
Absoluta ou Total: Titular con sesenta e cinco anos.	15.786,40	12.241,60	11.620,00
Total: Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.	15.786,40	11.452,00	10.824,80
Total: Derivada de enfermidade común menor de sesenta anos.	9.024,40	9.024,40	8.947,40
Parcial do réxime de accidentes de traballo: Titular con sesenta e cinco anos.	15.786,40	12.241,60	11.620,00
Viuvez			
Titular con cargas familiares.		15.786,40	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100.		12.241,60	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.		11.452,00	
Titular con menos de sesenta anos.		9.275,00	

Clase de pensión	Euros/año
Orfandade	
Por beneficiario.	3.745,00
Por beneficiario menor de 18 anos con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100.	7.361,20
Orfandade absoluta	
Un só beneficiario	13.020,00
Varios beneficiarios O mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de prorratear 9.275,00 euros/ano entre o número de beneficiarios.	3.745,00 + 9.275,00 / N
Prestación de orfandade	
Un beneficiario.	11.113,20
Varios beneficiarios: a repartir entre número de beneficiarios.	18.733,70
En favor de familiares	
Por beneficiario	3.745,00
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos.	9.044,00
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos.	8.523,20
Varios beneficiarios	
O mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de prorratear 5.530 euros/ano entre o número de beneficiarios.	3.745,00 + 5.530,00 / N

SEGURO OBRIGATORIO DE VELLEZ E INVALIDEZ (SOVI)	
Vellez, invalidez e viuvez (non concorrente)	7.840,00 €/ano
Prestacións SOVI concorrentes (concorrentes con outras pensións)	7.610,40 €/ano

Límite de ingresos para acceso a complementos pensión mínima (contributivas)

- Con cónxuxe non a cargo: 9.193,00 euros/ano.
- Con cónxuxe a cargo: 10.723,00 euros/ano.
- Sen cónxuxe (unidade económica unipersoal): 9.193,00 euros

Topo máximo de todas as pensións
45.746,40€/ano

PENSIÓNS MÍNIMAS CLASES PASIVAS (contías mensuais 14 pagas)			
	Cónxuxe a cargo	Sen cónxuxe (unidade económica unipersoal)	Con cónxuxe non a cargo
Xubilación ou retiro	1.127,60€	874,40€	830,00€
Viuvez		874,40€	
En favor de familiares		852,35/N (N=nº de beneficiarios)	

Límite de ingresos para acceso a pensións mínimas (clases pasivas)

- Contía anual sen cónxuxe a cargo: 9.193,00 euros/ano.
- Contía anual con cónxuxe a cargo: 10.723,00euros/ano.

Complemento en pensións contributivas para reducir a brecha de xénero 2025

	Contía mensual por fillo/a 14 pagas	Contía anual por fillo/a
Contía	35,90€	502,60€

- ~ A contía máxima mensual a percibir do complemento para 2025 será 143,60€
- ~ As mulleres e os homes que sexan persoas beneficiarias dunha pensión contributiva de xubilación (salvo a xubilación parcial), de incapacidade permanente ou de viuvez a partir do 4 de febreiro de 2021 e que tivesen un ou máis fillos ou fillas.
- ~ Cando se acceda á xubilación plena desde a xubilación parcial recoñecerase o complemento, se se compren os requisitos esixidos.
- ~ Este complemento sumárase á pensión mínima e máxima. Non computa como renda para o cálculo do dereito da pensión mínima
- ~ Substitúe ao complemento pro maternidade por achega demográfica. Este complemento unicamente se pagará a aquelas pensións recoñecidas a partir do 4 de febreiro de 2021.
- ~ Percibir este complemento é incompatible ca percepción deste complemento polo outro proxenitor polos mesmos fillos/as
- ~ Quen viñan percibindo o complemento por maternidade por achega demográfica manterán o dereito a seguir percibíndoo, salvo que xeraran dereito a unha nova pensión, entón poderá optar entre seguir percibíndoo ou optar ao complemento para reducir a fenda de xénero.

PENSIÓN NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL 2025

INVALIDEZ

	Contía mensual	Contía anual
Integra (1)	564,70	7.905,80
Mínima do 25%	141,18	1.976,45
Integra máis incremento do 50% (1+2)	847,05	11.858,70
Complemento invalidez con 75% discapacidade ou máis que necesitan axuda 3ª persoa (2)	282,35	3.952,90

XUBILACIÓN

	Contía mensual	Contía anual
Integra (1)	564,70	7.905,80
Mínima do 25%	141,18	1.976,45

Complemento vivenda aluguer	525,00
------------------------------------	--------

Cando dentro de una mesma unidade familiar convivan dúas ou máis beneficiarios de pensión non contributiva, a contía individual para cada un deles é a seguinte en 2025:

Número de Beneficiarios	Contía anual para cada Beneficiario	Importe Mensual
2	6.719,93	480,00
3	6.324,64	451,75
4	6.127,00	437,64
...	...	..

Límite de ingresos para acceso a pensión non contributiva

- 7.905,80 euros/ano.

PRESTACIÓNS Á FAMILIA

PERÍODOS DE TEMPO RECOÑECIDOS COMO COTIZADOS		
Por parto (art. 235 LGSS)	Se acreditan 112 días de cotización por cada parto (126 días en caso de parto múltiple de dous, sumando 14 días máis por cada fillo), cando non se desfrutara da prestación de maternidade na súa totalidade.	
Períodos recoñecidos por coidado de fillos con interrupción da cotización por extinción da relación laboral ou da finalización da cobranza de prestacións por desemprego (a condición de que se produciron entre os 9 meses anteriores ao nacemento ou aos 3 meses anteriores á adopción/acollemento dun menor).(art. 236 LGSS)	Ata 270 días (9 meses)	
Excedencia por coidado de fillos/as (art. 237 LGSS)	Ata 3 anos por fillo ou filla	
Excedencia por coidado de familiares ata 2º grao (art. 237.2 LGSS)	O 1 ^{er} ano	
Redución de xornada por coidado dun menor (art. 237.3 LGSS)	Os 2 primeiros anos (recoñecidos como cotizados ao 100% da xornada)	
PRESTACIÓNS FAMILIARES		
	Importe Mensual	Importe Anual
Menor de 18 anos sen discapacidade	49,00	588,00
Menor de 18 anos con discapacidade igual ou superior ao 33%	83,33	1.000,00
Maior de 18 anos con discapacidade igual ou superior ao 65%	483,80	5.805,60
Maior de 18 anos con discapacidade igual ou superior ao 75%	725,60	8.707,20
O límite de ingresos para acceder á asignación económica por fillos ou menores acollidos non discapacitados será de 14.952,00 que se incrementaría un 15% por cada un deles a cargo a partir do segundo		
Se se trata de familias numerosas, o límite será de 22.501,00 euros, nos supostos en que concorran 3 fillos a cargo, incrementándose en 3.646,00 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.		
Non hai límite de ingresos para acceder á asignación económica para fillos ou menores acollidos con discapacidade.		

PRESTACIÓN ECONÓMICA POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLO/A, EN SUPOSTOS DE FAMILIAS NUMEROSAS, MONOPARENTAIS E NOS CASOS DE NAIS OU PAIS CON DISCAPACIDADE >=65%	
A prestación abónase nun pago único	1.000,00€

PRESTACIÓN ECONÓMICA POR PARTO OU ADOPCIÓN MÚLTIPLES (PAGO ÚNICO) Art. 360 LGSS		
Nº de fillos nados ou Adoptados	Nº de veces do importe mensual do SMI	Importes segundo o SMI actual
2	4	4.736 euros
3	8	9.472 euros
4 e máis	12	14.208 euros

SMI MENSUAL: 1.184,00 euros

SMI DIARIO: 39,47 euros

FONTE: IMSERSO, SEGURIDADE SOCIAL

INGRESO MÍNIMO VITAL

Determinación da contía

A contía do ingreso mínimo vital para o beneficiario individual ou a unidade de convivencia será a diferenza entre a renda garantida e o conxunto de rendas e ingresos de tales persoas, sempre que a contía resultante sexa igual ou superior a 10 euros mensuais.

A contía mensual da renda garantida en 2025 é:

- Para un beneficiario individual: o 100 por 100 do importe anual das pensións non contributivas dividido entre doce. En 2025 son 658,81 euros. Esta cantidade increméntase un 22 por 100 se o perceptor ten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100.
- Para a unidade de convivencia a contía anterior incrementada nun 30 por 100 por membro adicional a partir do segundo, cun máximo do 220 por 100. Para 2025 os importes son:
 - 856,46 euros para unha unidade de convivencia formada por un adulto e un menor ou dous adultos.
 - 1.054,10 euros para unha unidade de convivencia formada por un adulto e dous menores, dous adultos e un menor ou tres adultos.
 - 1.251,75 euros para unha unidade de convivencia formada por un adulto e tres menores, dous adultos e dous menores ou tres adultos e un menor ou por catro adultos.
 - 1.449,39 euros para unha unidade de convivencia formada por un adulto e catro ou máis menores, dous adultos e tres ou máis menores ou tres adultos e dous ou máis menores, ou por catro adultos e un menor.
- A contía sinalada no punto anterior increméntase cun complemento do 22 por 100, cando se trate de unidade de convivencia monoparental (un só adulto que conviva cun ou máis descendentes ata o segundo grao menores de idade sobre os que teña a garda e custodia exclusiva, ou que conviva cun ou máis menores en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción cando se trata do único acolledor ou gardador, ou cando o outro proxenitor, gardador ou acolledor atópanse ingresado en prisión ou nun centro hospitalario por un período ininterrompido igual ou superior a un ano). Para 2025 os importes mensuais son:
 - 1.001,4 euros para unha unidade de convivencia monoparental formada por un adulto e un menor.
 - 1.199,04 euros para unha unidade de convivencia monoparental formada por un adulto e dous menores.
 - 1.396,69 euros para unha unidade de convivencia monoparental formada por un adulto e tres menores.
 - 1.594,33 euros para unha unidade de convivencia monoparental formada por un adulto e catro ou máis menores.
- No caso de que os descendentes ou menores referidos no parágrafo anterior convivan exclusivamente cos seus proxenitores ou, no seu caso, cos seus avós ou gardadores ou acolledores, recoñecerase o mesmo complemento, cando un destes teña recoñecido un grao 3 de dependencia, a incapacidade permanente absoluta ou a gran invalidez. Tamén se entenderá como unidade de convivencia monoparental, a efectos da percepción do indicado complemento, a formada exclusivamente por unha muller que sufriu violencia de xénero e un ou máis descendentes ata o segundo grao, menores de idade, sobre os que teña a garda e custodia ou, no seu caso, un ou máis menores en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción.
- Á contía mensual que corresponda á unidade de convivencia sumarase un complemento equivalente a un 22 por cento no caso de que na unidade de convivencia estea incluída algunha persoa cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao sesenta e cinco por cento.
- Ademais das contías indicadas abonarase un complemento mensual de axuda para a infancia por cada menor de idade membro da unidade de convivencia (na data da solicitude), en función da idade cumprida o día 1 de xaneiro do correspondente exercicio, conforme os seguintes tramos:
 - Menores de tres anos: 115 euros.
 - Maiores de tres anos e menores de seis anos: 80,50 euros.
 - Maiores de seis anos e menores de 18 anos: 57,50 euros.

Para a determinación da contía, os fillos ou menores ou maiores que teñan establecidas xudicialmente medidas de apoio para a toma de decisións que formen parte de distintas unidades familiares en supostos de custodia compartida establecida xudicialmente, consideraranse que forman parte da unidade onde se atopen domiciliados.

En todo caso, e independentemente de cales fosen as rendas e ingresos do exercicio anterior da persoa que vive soa ou da unidade de convivencia, cando o solicitante do ingreso mínimo vital ou un ou varios dos membros da unidade de convivencia, no seu caso, tivesen recoñecida na data da solicitude, ou lles fose recoñecida antes da resolución, unha ou máis pensións, contributivas ou non contributivas, do sistema da Seguridade Social, ou un subsidio de desemprego para maiores de 52 anos, cuxo importe mensual conxunto, incluída a parte proporcional de pagas extraordinarias, fóra inferior á contía mensual de renda garantida aplicable, e procedese o recoñecemento do ingreso mínimo vital por concorrer todos os requisitos para iso, o importe mensual desta prestación non poderá ser superior á diferenza entre a referida contía mensual de renda garantida e o importe mensual da pensión ou da suma das pensións, incluída no seu caso a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Cando o referido importe mensual conxunto das pensións, contributivas ou non contributivas, do sistema da Seguridade Social, así como, no seu caso, dos subsidios de desemprego para maiores de 52 anos, fóra igual ou superior á contía mensual de renda garantida aplicable non procederá recoñecer o dereito ao ingreso mínimo vital.

Igualmente, o recoñecemento dunha pensión contributiva ou non contributiva do sistema da Seguridade Social ou un subsidio de desemprego para maiores de 52 anos á persoa ou persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital determinará a minoración ou extinción desta prestación conforme aos mesmos criterios indicados nos parágrafos anteriores, tendo en conta a suma de todas as pensións de que sexa titular o beneficiario individual ou os membros da unidade de convivencia, con efectos do día primeiro do mes seguinte ao de recoñecemento da pensión ou da súa data de efectos se esta fose posterior.

En ningún caso a actualización do importe do ingreso mínimo vital con efectos do 1 de xaneiro de cada ano poderá dar lugar á percepción dunha cantidade mensual superior á diferenza entre a renda garantida aplicable conforme a este artigo e a contía que, unha vez actualizada, tivese nesa data a pensión ou da suma das pensións e, no seu caso, subsidios por desemprego, percibidos polo beneficiario individual ou calquera dos membros da unidade de convivencia.

As persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital atópanse exentas da achega dos usuarios á prestación farmacéutica ambulatoria.

Así mesmo, estarán exentos do pago de taxas de expedición e renovación de Documento Nacional de Identidade o menores de 14 anos integrados nunha unidade de convivencia que solicite a prestación de ingreso mínimo vital.

Contías da renda garantida en 2025. Unidade non monoparental		
Unidade de convivencia	Euros / ano	Euros / mes
Un adulto	7.905,72	658,81
Un adulto e un menor	10.277,52	856,46
Un adulto e dous menores	12.649,20	1.054,10
Un adulto e tres menores	15.021,00	1.251,75
Un adulto e máis de tres menores	17.392,68	1.449,39
Dous adultos	10.277,52	856,46
Dous adultos e un menor	12.649,20	1.054,10
Dous adultos e dous menores	15.021,00	1.251,75
Dous adultos e máis de dous menores	15.021,00	1.251,75
Tres adultos	17.392,68	1.449,39
Tres adultos e un menor	12.649,20	1.054,10
Tres adultos e máis de dous menores	15.021,00	1.251,75
Catro adultos	17.392,68	1.449,39
Catro adultos e un menor	15.021,00	1.251,75
Outros	17.392,68	1.449,39

Contías da renda garantida en 2025. Unidade monoparental		
Unidade de convivencia	Euros / ano	Euros / mes
Un adulto e un menor	12.016,80	1.001,40
Un adulto e dous menores	14.388,48	1.199,04
Un adulto e tres menores	16.760,28	1.396,69
Un adulto e catro ou máis menores	19.131,96	1.594,33

Contías da renda garantida en 2025. Unidade monoparental. Proxenitores/avós/gardadores ou acolledores, un deles cun grao 3 de dependencia, incapacidade permanente absoluta ou a grande invalidez recoñecidos.		
Unidade de convivencia	Euros / ano	Euros / mes
Dous adultos e un menor	14.388,48	1.199,04
Dous adultos e dous menores	16.760,28	1.396,69
Dous adultos e tres ou máis menores	19.131,96	1.594,33

Modificación da contía

O cambio nas circunstancias persoais da persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital, ou dalgún dos membros da unidade de convivencia, poderá supoñer a modificación da contía da prestación económica mediante a revisión correspondente pola entidade xestora.

A modificación terá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ao da data en que se produciu o feito causante da modificación.

En todo caso, a contía da prestación actualizarase con efectos do día 1 de xaneiro de cada ano, tomando como referencia os ingresos anuais computables do exercicio anterior. Cando a variación dos ingresos anuais computables do exercicio anterior motivase a extinción da prestación, esta fornecerá igualmente efectos a partir do día 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel ao que correspondan devanditos ingresos.

Fonte: SEGURIDADE SOCIAL

PRESTACIÓNS E SUBSIDIOS POR DESEMPREGO

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO	
Do día 1 ao día 180: 70% da Base de Cotización Do día 181 ata a extinción: 60% da Base de Cotización	
MÍNIMO DESEMPREGO	Sen fillos/as 560,00€ Cun fillo/ou máis a cargo..... 749,00€
MÁXIMO DESEMPREGO	Sen fillos/as 1.225,00€ Con 1 fillo/a a cargo 1.400,00€ Con 2 fillos/as ou máis a cargo 1.575,00€
As prestacións por desemprego cotizarán por: ·IRPF: segundo ingresos e situación familiar ·Seguridade Social: tipo 4,83% base cotización media dos seis últimos meses O abono da achega empresarial efectuarao o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) na súa totalidade e a achega correspondente á persoa traballadora será íntegra a cargo desta.	

Considéranse fillos ou fillas a cargo se son menores de 26 anos ou son maiores con discapacidade ou as persoas menores acollidas, se conviven ou dependen economicamente e non teñen rendas mensuais superiores ao salario mínimo interprofesional.

A solicitude deberás presentala no prazo dos quince días hábiles seguintes ao último día traballado, ao retorno do estranxeiro ou á excarceración. No caso de que a empresa abonouche vacacións por non gozalas con anterioridade á finalización da relación laboral, que han de constar no certificado de empresa, debes presentala nos 15 días hábiles seguintes á finalización do período equivalente ás vacacións.

DURACIÓN DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO	
PERÍODO DE COTIZACIÓN (en días)	PERÍODO DE PRESTACIÓN
	DÍAS / MESES
Desde 360 ata 539	120 días (4 meses)
Desde 540 ata 719	180 días (6 meses)
Desde 720 ata 899	240 días (8 meses)
Desde 900 ata 1.079	300 días (10 meses)
Desde 1.080 ata 1.259	360 días (12 meses)
Desde 1.260 ata 1.439	420 días (14 meses)
Desde 1.440 ata 1.619	480 días (16 meses)
Desde 1.620 ata 1.799	540 días (18 meses)
Desde 1.800 ata 1.979	600 días (20 meses)
Desde 1.980 ata 2.159	660 días (22 meses)
Desde 2.160	720 días (24 meses)

Contía e duración do Complemento de apoio ao emprego da prestación contributiva

As prestacións por desemprego serán compatibles co traballo por conta allea a tempo completo ou a tempo parcial, como complemento de apoio ao emprego

Mes de prestación en que se percibe o complemento de apoio ao emprego	CAE. Emprego a tempo completo	CAE. Emprego a tempo parcial >= 75 % da xornada	CAE. Emprego a tempo parcial <75 % y >=50 % da xornada	CAE. Emprego a tempo parcial <50 % da xornada	Duración máxima
Mes 10	480 €	450 €	420 €	360 €	30 días
Mes 11	480 €	450 €	420 €	360 €	60 días
Mes 12	480 €	450 €	420 €	360 €	90 días
Mes 13 ao 15	480 €	450 €	420 €	360 €	180 días
Mes 16 ao 18	360 €	300 €	270 €	240 €	180 días
Mes 19 ao 21	240 €	210 €	180 €	150 €	180 días
Mes 22 ao 24	180 €	150 €	120 €	90 €	180 días
Mes 12	480 €	450 €	420 €	360 €	90 días

SUBSIDIO POR DESEMPREGO		
TIPO DE SUBSIDIO	DURACIÓN MÁXIMA DA PROTECCIÓN (se se manteñen os requisitos)	CONTÍA
Por esgotamento da prestación contributiva Con responsabilidades familiares, indiferente a idade da persoa beneficiaria: - Esgotou unha prestación superior ou igual a 180 días - Esgotou unha prestación igual a 120 días Sen responsabilidades familiares : – Menor de 45 anos que esgotara unha prestación igual ou superior a 360 días. – Maior de 45 anos que esgotara unha prestación igual o superior a 120 días.	30 meses 24 meses 6 meses	Durante os primeiros 180 días, o 95 % IPREM Dende o día 181 ata o día 360, o 90 % IPREM Dende o día 361, o 80% IPREM
Subsidio por perda de emprego Por haber cotizado 6 meses: – Con responsabilidades familiares. – Sen responsabilidades familiares Por haber cotizado 3, 4 ou 5 meses con ou sen responsabilidades familiares.	21 meses 6 meses 3, 4 ou 5 meses	
Subsidio para persoas traballadoras emigrantes retornadas (*)	18 meses	
Subsidio por ser vítimas de violencia de xénero, sexual ou a exercida por pais ou fillos (*)	A duración máxima do subsidio será de 30 meses, salvo (**)	
Subsidio para maiores de 52 anos Se se está a percibir un subsidio para persoas traballadoras maiores de 52 anos, a base de cotización por xubilación, é o 125 por cento do tope mínimo de cotización á Seguridade Social vixente en cada momento.	Até que a persoa traballadora acade a idade ordinaria que lle permita acceder á xubilación	

(*) Con todo, se se accedese a este subsidio mantendo un contrato a tempo parcial ata o 30 de maio de 2025, do seu importe deducirase a parte proporcional ao tempo traballado. A mesma dedución efectuarase cando se estea percibindo o subsidio e obtéñase un traballo a tempo parcial

(**) Se con anterioridade, por esta mesma causa da Renda Activa de Inserción (RAI) regulada no Real Decreto 1369/2006, de 24 de novembro:

- Se dispuxo do dereito á RAI, a duración máxima será de vinte meses.
- Se dispuxo do de dous dereitos á RAI, a duración máxima será de dez meses.
- Non obstante o anterior, se desde o inicio da primeira RAI transcorresen tres ou máis anos, a duración do subsidio será de trinta meses.

Renda máxima de acceso ao subsidio: 75% SMI

Contía do complemento de apoio ao emprego (CAE) dos subsidios por desemprego

Os subsidios por desemprego serán compatibles co traballo por conta allea a tempo completo ou a tempo parcial, como complemento de apoio ao emprego.

Trimestre do subsidio	CAE. Emprego a tempo completo (% IPREM)	CAE. Emprego a tempo parcial >= 75 % da xornada (% IPREM)	CAE. Emprego a tempo parcial < 75 % y >=50 % da xornada (% IPREM)	CAE. Emprego a tempo parcial <50 % da xornada (% IPREM)
1	480 €	450 €	420 €	360 €
2	360 €	300 €	270 €	240 €
3	240 €	210 €	180 €	150 €
4	180 €	150 €	120 €	90 €
5 e seguintes	120 €	90 €	60 €	30 €

Fonte: SEPE

PRESTACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL

É un subsidio diario que cobre a perda de rendas do traballador producida por enfermidade común ou accidente non laboral, enfermidade profesional ou accidente de traballo e os períodos de observación por enfermidade profesional. Así como, aquelas situacións en que poida atoparse a muller en caso de:

- Menstruación incapacitante secundaria.
- Interrupción do embarazo, voluntaria ou non, mentres reciba asistencia sanitaria polo Servizo Público de Saúde e esta impedida para o traballo.
- Xestación da muller traballadora desde o día primeiro da semana trixésima novena.

Beneficiarios:	Os traballadores, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, sempre que cumpran determinados requisitos.
Requisitos:	Os traballadores do réxime especial de traballadores autónomos (RETA) incluídos no sistema especial de traballadores agrarios que optasen por incluír esta prestación. • Enfermidade común: Estar afiliados e en alta ou en situación asimilada o alta e ter cuberto un período de cotización de 180 días nos 5 anos anteriores. • Accidente sexa ou non de traballo, enfermidade profesional, menstruación incapacitante secundaria e interrupción do embarazo: Non se esixen cotizacións previas. • Día primeiro semana trixésima novena de xestación: ○ Se é menor de 21 anos: non se esixirá período mínimo de cotización. ○ Se ten entre 21 y 26 anos: 90 días cotizados dentro dos sete anos inmediatamente anteriores ao momento do inicio do descanso ou 180 días cotizados ao longo da súa vida laboral. ○ Se ten cumpridos 26 anos: 180 días dentro dos sete anos inmediatamente anteriores ao momento de inicio do descanso ou 360 días cotizados ao longo da súa vida laboral.
Contido ou contía:	• Enfermidade común e accidente non laboral: 60% da base reguladora desde o 4º día da baixa ata o 20º inclusive e o 75% desde o día 21 en diante. • Enfermidade profesional ou accidente de traballo: 75% da base reguladora desde o día seguinte ao da baixa no traballo. • Menstruación incapacitante secundaria: Do primeiro día ao vixésimo: 60% da base reguladora e a partir do vixésimo primeiro: 75%. • Interrupción do embarazo e día primeiro semana trixésima novena de xestación: Primeiro día: salario. Do segundo ao vixésimo día: 60% da base reguladora. A partir do vixésimo primeiro día: 75%.
Pago:	• Traballadores por conta allea: En xeral, o pago efectúao a empresa como pago delegado coa mesma periodicidade que os salarios. Nos casos de enfermidade común ou accidente non laboral, o pago entre o 4º e o 15º día da baixa corre a cargo do empresario, a partir do 16º a responsabilidade de pago será do INSS ou da mutua. • Traballadores por conta propia: O pago realízao directamente a entidade xestora ou mutua competente. Ademais, poderá ser solicitado mediante a solicitude de pago directo.
Duración:	- Enfermidade ou accidente: 365 días prorrogables por outros 180, si durante este transcurso prevese curación. - Períodos de observación da enfermidade profesional: 180 días prorrogables por outros 180. - No suposto da semana trixésima novena de xestación será ata a data do parto.

Desde o 1 de abril de 2023 as persoas traballadoras xa non teñen a obrigaón de entregar o parte de baixa, alta ou confirmación da incapacidade temporal

O 1 de abril de 2023 entrou en vigor unha importante modificación que serve para simplificar os trámites relacionados coas baixas por enfermidade (Incapacidade Temporal (IT). A partir desa data, o facultativo que expida o parte médico de baixa, confirmación ou alta entregará á persoa traballadora tan só unha copia do mesmo e non será necesario que a persoa traballadora teña que trasladar unha copia dese parte á empresa que o poderá descargar do Fichero INSS Empresas.

O novo sistema funciona así: o Servizo Público de Saúde, mutua ou empresa colaboradora remitirá os datos contidos nos partes médicos de baixa, confirmación e alta ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) por vía telemática.

Unha vez recibida esa información, as empresas poderán consultar os datos a través do Fichero INSS Empresas. Cando a empresa ou o empregador non teña obrigaón de incorporarse ao Sistema REDE, as comunicacións realizaranse por correo ordinario e por SMS. Esta información estará dispoñible tamén na sede electrónica da Seguridade Social

As empresas, pola súa banda, teñen a obrigaón de remitir ao INSS, nun prazo máximo de tres días hábiles e a través do Sistema REDE, os datos económicos do parte médico de baixa. Deste xeito, as empresas xa non terán que transmitir ao INSS os datos económicos contidos nos partes de confirmación e de alta, simplificando tamén estes procesos.

FONTE: SEGURIDADE SOCIAL